

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

RAG

Darío Xohán Cabana sentará na Academia

Npn houbo sorpresas, e como estaba previsto o sucesor de Manuel María na [Academia](#) é o tamén chairego e íntimo amigo do poeta falecido, Darío Xohán Cabana. O plenario da RAG decidiu elixir académico numerario a Cabana pola "enorme calidade literaria e lingüística da súa obra poética e narrativa e das súas traducións. O seu é o galego popular da Terra Chá, pero moi elaborado, o que o converte nun dos grandes escritores do século XX, nun clásico vivo". A Academia tamén salienta "a súa constante entrega á causa da dignificación do galego (e de Galicia) fai que sexa un dos maiores construtores da patria que une a todos os galegofalantes". Nesta altura quedan aínda [vacantes](#) as cadeiras de Antonio Meijide Pardo e de Xulio F. Ogando.

- [Autobiografía](#) de Darío Xohán Cabana na Biblioteca Virtual Galega

- 06:43 02/05/2005